

DÍA DE ROSALÍA

A AELG denuncia a "destrución" da cultura

24.02.2011 Asegura que a política da Xunta está a acabar co construído nos últimos trinta anos

REDACCIÓN

A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrará hoxe o Día de Rosalía cunha lectura simultánea de varios textos rosalianos en varias cidades. O acto servirá ademais para demandar para San Domingos de Bonaval a permanencia do Panteón de Galegos Ilustres, pois a AELG considera "irrenunciábel" que sexa de titularidade pública e de uso laico; denunciar a "regresión na política de investimentos en todos os sectores da cultura por parte do Goberno da Xunta de Galicia, que está a destruír o construído nos últimos trinta anos por varias xeracións de creadores e creadoras, e por toda a sociedade galega no seu conxunto", apoiar, "máis unha vez, todo aquel profesorado que ten manifestado o seu compromiso para co mantemento da docencia en lingua galega e en contra da infravaloración e marxinalidade a que o goberno actual o ten sometido no ámbito do ensino" e, finalmente, demandar "que a Consellaría de Educación, máxima autoridade responsábel da xestión educativa, recolla no calendario escolar oficial anual a data do 24 de febreiro como o Día de Rosalía".

Así, lerase un manifesto que contén estas ideas, entre outras. Os actos desenvolveranse ás 18.45 horas da tarde en Santiago no Panteón de Galegos/as Ilustres, en San Domingos de Bonaval; na Coruña no Kiosko Alfonso ás 19 horas; en Vigo na Casa Galega da Cultura ás 20:00 horas, en Lugo no Museo Provincial ás 19.30 horas, con participación do profesorado e alumnado do CEIP Benigno Quiroga Ballesteros, CPR María Auxiliadora, IES Manuel Leiras Pulpeiro e IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, xunto con Pilocho que interpretará a capella poemas de Rosalía de Castro.

En Betanzos será no Salón azul do Edificio do Liceo, ás 20:00 horas, coa colaboración da A.C. Eira Vella, en Ferrol na Galería Sargadelos ás 19.00 horas; en Ourense na Librería Torga ás 18.00 horas, coa colaboración do Gremio LiterAuria e en Pontevedra na Librería Michelena ás 20.00 horas.